



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

XOVES, 15 DE SETEMBRO DE 2022

N.º 212

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN,  
RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

#### Anuncio

#### EDICTO-

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCIMIENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, notifícase colectivamente a liquidación do Imposto sobre Bens Inmobilés de natureza urbana, rústica e características especiais, Imposto sobre Actividades Económicas, exercicio 2022, segundo ó seguinte detalle:

##### -Imposto sobre Bens Inmobilés de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Foloso do Courel, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

\* Os padróns dos Concellos de Burela e Foz, exercicio 2022 foron aprobados por Resolución da Presidencia de data 11 de maio de 2022 (publicados no BOP núm. 128 do 6 de xuño de 2022).

##### - Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Foloso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Os Padróns quedan expostos ao público nos taboleiros de anuncios do concello, da Deputación Provincial e Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (**Ronda da Muralla, 140, Pavillón 1 - 27004 - Lugo**) durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei xeral tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia da Deputación Provincial, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 29 de agosto de 2022.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019; A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

##### Recadación en período voluntario de débedas tributarias de vencimiento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunicase que o prazo de ingreso en período voluntario dos impostos, exercicio de 2022, que se relacionan, empezará a contar o día 15/09/2022 e finalizará o día 15/12/2022, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

##### -Imposto sobre Bens Inmobilés de natureza urbana, rústica e características especiales:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobradorio e remitilo ao Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de conxinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 29 de agosto de 2022.- O Presidente,P. D. Decreto, de data 24/07/2019; A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2463

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 09/09/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro do 2022 da taxa pola prestación do servicio de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que disponen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/11/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seránllles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de conxinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de conxinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederese á súa recadación pola vía administrativa de conxinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de setembro de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2587

## BURELA

### *Anuncio*

#### **Expediente: 1348/2022**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 22 de agosto de 2022, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Terceiro Bimestre do exercicio 2022, procéndese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de conxinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzcan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de conxinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 29 de agosto de 2022.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2588

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DE PROXECTO DE EXPROPIACIÓN URBANÍSTICA**

#### **SUMARIO**

*Acordo do Pleno do Concello de Burela de data 4 de agosto de 2022 polo que se aproba inicialmente Proxecto de expropiación..*

**TEXTO**

Por acordo do Pleno corporativo do Concello de Burela, celebrado o 4 de agosto de 2022, aprobouse inicialmente proxecto de expropiación de solo dotacional, e que integran os seguintes bens:

BEN	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE AFECTADA (m <sup>2</sup> )	SUPERFICIE A EXPROPIAR (m <sup>2</sup> )	TIPO DE AFECCIÓN
1	2647102PJ3324N0001GR 2647102PJ3324N0000FE	4.908,00	4.854,00	Parcial
	TOTAL	4.908,00	4.854,00	

O proxecto de expropiación foi redactado pola arquitecta técnica municipal con data maio de 2022, e é comprensivo dos criterios de valoración así como das correspondentes follas de aprecio.

De conformidade cos artigos 118 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 201 e seguintes do Regulamento de Xestión Urbanística, aprobado polo Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, sométese a información pública polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://burela.sedelectronica.es>].

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Burela, 6 de setembro de 2022.- O alcalde P.D. Ramiro Fernández Rey.

R. 2589

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE PROXECTO DE EXPROPIACIÓN URBANÍSTICA****SUMARIO**

*Acordo do Pleno do Concello de Burela de data 4 de agosto de 2022 polo que se aproba inicialmente Proxecto de expropiación por procedemento de taxación conxunta.*

**TEXTO**

Por acordo do Pleno corporativo do Concello de Burela, celebrado o 4 de agosto de 2022, aprobouse inicialmente proxecto de expropiación de solo dotacional, e que integran os seguintes bens:

BEN	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE AFECTADA (m <sup>2</sup> )	SUPERFICIE A EXPROPIAR (m <sup>2</sup> )	TIPO DE AFECCIÓN
1	2746210PJ3324N0001TR 2746210PJ3324N0000RE	3.639,00	3.631,00	Parcial
2	2746209PJ3324N0001MR 2746209PJ3324N0000XE	1.757,00	1.713,00	Parcial
3	2746208PJ3324N0001FR 2746208PJ3324N0000DE	1.670,00	1.554,00	Parcial
4	2746207PJ3324N0001TR 2746207PJ3324N0000RE	2.562,00	2.399,00	Parcial
5	2746206PJ3324N0001LR	301,00	301,00	Total
6	2746205PJ3324N0001PR	259,00	259,00	Total
7	27068A058015820000EL	1.358,00	1.358,00	Total
8	27068A058015810001RA 27068A058015810000EP	421,00	381,00	Parcial
9	27068A058015800000EQ	387,00	387,00	Total
10	2746204PJ3324N0001QR	2.676,00	2.676,00	Total
11	2746203PG3324N0001GR	2.534,00	2.534,00	Total

12	2746202PJ3324N0001YR	1.486,00	1.486,00	Total
13	2746201PJ3324N0001BR	1.158,00	1.158,00	Total
	TOTAL	20.208,00	19.837,00	

O proxecto de expropiación foi redactado pola arquitecta técnica municipal con data decembro de 2021, e é comprensivo dos criterios de valoración así como das correspondentes follas de aprecio.

De conformidade cos artigos 118 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 201 e seguintes do Regulamento de Xestión Urbanística, aprobado polo Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, sométese a información pública polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://burela.sedelectronica.es>].

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Burela, 6 de setembro de 2022.- O alcalde P.D. Ramiro Fernández Rey.

R. 2590

## FOLGOSO DO COUREL

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 2/09/2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 13/2022 SC 3/2022) por importe de 33.332,98 euros, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 9 de setembro de 2022.- A Alcadesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2591

## MEIRA

### APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL DO CONCELLO DE MEIRA.

O Concello de Meira na sesión do Pleno celebrada o día 7 de setembro de 2022, levou a cabo a aprobación inicial da Ordenanza reguladora da pista de pádel.

De conformidade co previsto no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, durante o cal poderán os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na Sede Electrónica do Concello de Meira (<https://meira.sedelectronica.es>).

Se durante dito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo inicial.

Meira, 8 de setembro de 2022.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2592

## Anuncio

### APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTALS E POLAS CANTEIRAS (ORTUCE) DO CONCELLO DE MEIRA.

O Concello de Meira na sesión do Pleno celebrada o 7 de setembro de 2022, levou a cabo a aprobación inicial da modificación da ORTUCE.

De conformidade co previsto no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, durante o cal poderán os interesados poidan

examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na Sede Electrónica do Concello de Meira (<https://meira.sedelectronica.es>).

Se durante dito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo inicial.

Meira, 8 de setembro de 2022.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2593

## OUROL

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de setembro de 2022, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón de AUGA correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2022.**
- **Padrón de LIXO correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2022.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obligados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como **prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 3 de outubro de 2022 ata o 5 de decembro de 2022, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demás contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 7 de setembro de 2022.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2594

**POL***Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL****SUMARIO**

Acordo do Pleno do Concello de Pol polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal que más abajo se detalla.

**TEXTO**

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2022, acordou a aprobación provisional da modificación da seguinte Ordenanza fiscal reguladora de:

- Taxa por expedición de documentos administrativos e dereitos de exame.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Bases de Régime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://concellopol.sedelectronica.gal>.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

Pol, 9 de setembro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2595

**SOBER***Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en sesión celebrada o 8 de agosto de 2022, expediente de modificación de créditos nº 393/2022 MC 16/2022 TC2, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, como seguen a continuación:

**ALTAS EN APPLICACIÓN DE GASTOS**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>		<b>Descripción</b>	<b>Euros</b>
165	619	Alumeado público. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	34.520,39
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>34.520,39</b>

Esta modificación finánciase con baixas nas seguintes aplicacións:

**BAIXAS EN APPLICACIÓN DE GASTOS**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>		<b>Descripción</b>	<b>Euros</b>
450	619	Administración Xeral de Infraestruturas. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	28.940,07
450	622	Administración Xeral de Infraestruturas. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Edificios e outras construcións.	5.580,32
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>34.520,39</b>

O que se fai público para xeral coñecemento.

Sober, 13 de setembro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Gutián.

R. 2612

*Anuncio*

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO  
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

**Expediente: A/27/30200**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 11 de julio de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Jesús García Fernández, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0071 l/s procedente de un pozo situado en la parcela 226 del polígono 239, en el lugar de O Carballal, parroquia de Parga (Santo Estevo), en el término municipal de Guitiriz (Lugo) para usos domésticos.

Lugo, 17 de agosto de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2596

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/30637**

José Luis Folgueiras Fernández solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,0328 l/s de agua procedente de un manantial sito en la finca Campo da Fonte, en el lugar de As Agrolazas, parroquia de Bande (San Pedro), término municipal de Láncara (Lugo) con destino a usos domésticos y ganaderos.

La captación se realiza en un manantial mediante una arqueta de la que parte tubería que conduce las aguas a la vivienda y estable.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Láncara, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2<sup>a</sup> planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 22 de agosto de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2597